

CERTIFICACIÓN

José Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de xuño de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA PARA A INSERCIÓN LABORAL PARA PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RENOVA VII. EXPEDIENTE GD 10129/2025

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración publicou na Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024).

Figura no expediente, Resolución do 06.08.2024 mediante Resolución da Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 06.08.2024, mediante a cal concédese ao Concello de Ames xunto co Concello de Brión unha subvención, co núm. de Expte. 15/0022/2024, por importe de 411.928,00 euros, para financiar os gastos de formación e funcionamento, así como a subvención para os gastos salariais de 20 alumnos/as traballadores/as participantes para a especialidade de nivel 2 (ENAE0108) MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS.

Figura no expediente providencia de inicio de alcaldía para a elaboración e tramitación das bases e a convocatoria de axudas para a contratación por conta allea de persoas participantes no Obradoiro de Emprego Renova VII ([CSV:15220IDOC2B7AD6AAABEE24D47B0](#))

Figura no expediente Informe proposta asinada pola concelleira delegada de Promoción Económica e o técnico de Orientación Laboral e proposta de bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego "Renova VII" ([CSV:15220IDOC2A90E8B631A4041469B](#))

Figura informe de Secretaría sobre o procedemento a seguir ([CSV:15220IDOC288C92A68C828674391](#)) e informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 267/2025 do 10.06.2025) ([CSV:15220IDOC26CA5E930659B994B87](#))

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP nº 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a convocatoria e as de bases reguladoras de AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO Renova VII, cuxas bases figuran como anexo I deste acordo.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
12/06/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
12/06/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretario accidental
Alcalde

NOME:
PARDO MARTINEZ, ROGELIO
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

Segundo. Autorizar o gasto por importe de 10.500,00 euros con cargo da aplicación orzamentaria 2411.47000 do orzamento municipal en vigor.

Terceiro. Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte da publicación do estrato da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

Cuarto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Quinto Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA PARA A INSERCIÓN LABORAL PARA PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RENOVA VII

Datos do programa:

Concellaría	Promoción Económica
Anualidade	2025
Denominación	Axudas a través de incentivos á contratación por conta allea para a inserción laboral para persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Renova VII
Beneficiarios	Persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, sociedades civís e comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego Renova VII
Aplicación orzamentaria	2411.47000
Importe da convocatoria	10.500,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a.

Artigo 1.- Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Renova VII, financiado a través da convocatoria Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede

á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024), resolución do 6 de agosto de 2024, da Xefatura Territorial da Xunta de Galicia na Coruña.

No obradoiro de emprego dual *Renova VII* impártese a seguinte formación:

Certificado de profesionalidade ENAE0108: Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas. Nivel 2.

2. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.
3. A duración da xornada da contratación temporal será a tempo completo.
4. Ocupacións o postos de traballo relacionados:
 - 7299.001.6 Montador de placas de enerxía solar.
 - 7299.001.6 Montador de instalacións solares fotovoltaicas.
 - 7621.023.5 Instalador de sistemas fotovoltaicos e eólicos.
 - 8161.005.3 Operador en central solar fotovoltaica.
 - 8161.005.3 Operador de instalacións solares fotovoltaicas

Artigo 2.- Réxime Xurídico

O marco normativo polo que se rexeran as subvencións concedidas polo Concello de Ames esta constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 3.- Obxecto e finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

1 A convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva ten por obxecto regular os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro dual de emprego *Renova VII*.

2 No obradoiro de emprego dual Renova VII impártese a seguinte formación:

Certificado de profesionalidade ENAE0108: Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas. Nivel 2.

3 A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

4. A duración da xornada da contratación temporal será a tempo completo.

5. Ocupacións o postos de traballo relacionados:

7299.001.6 Montador de placas de enerxía solar.

7299.001.6 Montador de instalacións solares fotovoltaicas.

7621.023.5 Instalador de sistemas fotovoltaicos y eólicos.

8161.005.3 Operador en central solar fotovoltaica.

8161.005.3 Operador de instalacións solares fotovoltaicas

Artigo 4.- Financiamento

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 10.500 € imputables á aplicación orzamentaria 2411.47000.

Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa. A contía total das subvencións a outorgar de acordo coas presentes bases non poderá superar os 10.500,00 euros para un total de sete contratos.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 5.- Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, sociedades civís e comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego Renova VII, e que contraten traballadores ou traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos talleres duais de emprego de Galicia. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderado/a único da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponda á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa, as persoas ou entidades nas que concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
12/06/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF8E18BD1333F0F4D2
12/06/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretario accidental
Alcalde

NOME:
PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargo de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
12/06/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF8E18BD81333F0F4D2
12/06/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F-44DBB

empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos derivados da contratación polo período mínimo indicado nestas bases dos alumnos/as do Obradoiro Dual de Emprego Renova VII.

Artigo 7.- Compatibilidade e exclusións

1 Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

2. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

3. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8.- Publicidade da convocatoria e prazos e solicitudes.

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na paxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo de vinte días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña. Se o último día fose inhábil, o prazo terminará ao seguinte día hábil.

8.3. Lugar de presentación

A solicitude, xunto coa documentación que corresponda, poderá presentarse:

- No Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal>)
- A través de calquera outro dos medios ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

8.4 Documentación

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- a. Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b. Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda e autorizacións segundo o modelo do anexo II.
- c. Indicación do número de alumnos do obradoiro de emprego dual que desexa contratar (cun máximo de 7) indicando a ocupación.
- d. Certificación bancaria do número de conta.
- e. Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT ou documentación que acredite que as actividades da entidade estean directamente relacionadas coa formación impartida no obradoiro dual de emprego Renova VII.
- f. Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución segundo o anexo III.
- g. Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, segundo Anexo IV.

Ocupacións o postos de traballo relacionados:

7299.001.6 Montador de placas de enerxía solar.
7299.001.6 Montador de instalacións solares fotovoltaicas.
7621.023.5 Instalador de sistemas fotovoltaicos y eólicos.
8161.005.3 Operador en central solar fotovoltaica.
8161.005.3 Operador de instalacións solares fotovoltaicas

Artigo 9. Compromisos e obrigas das persoas beneficiarias

1 A empresa ou empresas adxudicatarias da subvención deberán manter no cadro de persoal aos traballadores/as contratados/as ao abeiro destas bases durante un prazo mínimo de tres meses contado desde o inicio da contratación, sendo o prazo límite con carácter xeral para realizar a contratación os 15 días seguintes ao remate do Obradoiro e remitir os datos desta contratación ao Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Ames para a posterior remisión á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de Formación e Colocación.

2 Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego. Ocupacións relacionadas:

7299.001.6 Montador de placas de enerxía solar.
7299.001.6 Montador de instalacións solares fotovoltaicas.
7621.023.5 Instalador de sistemas fotovoltaicos y eólicos.
8161.005.3 Operador en central solar fotovoltaica.

8161.005.3 Operador de instalacións solares fotovoltaicas

3 Manter no seu persoal á persoa contratada polo período establecido de acordo coa normativa laboral de aplicación e cando menos pola duración do tempo establecido nas condicións para ser beneficiario da axuda. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos obradoiros duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

4 As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5 Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaón, corresponderá ao Concello de Ames levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa..

6 Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias.

7 Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

Artigo 10.-

10.1 Instrución

1 A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Promoción Económica, que terá o carácter de órgano instrutor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

2.O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento. Para determinar as entidades beneficiarias, atenderase á orde de presentación de solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario.

3.O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

4 De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoracións establecidos na base seguinte.

5 Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por

DATA DE CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
12/06/2025
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
Secretaría accidental
Alcalde

NOME: PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Realizados os trámites oportunos o órgano instrutor realizará un informe proposta indicando os posibles beneficiarios para a súa elevación ao órgano competente.

10.2 Prazo para resolución e notificación

As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de un mes desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.3 Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.4 Aceptación ou renuncia da subvención

Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

11.- Xustificación e pagamento.

11.1 Xustificación.

1. Xustificación inicial: deberán presentar a seguinte documentación nos quince días seguintes ao inicio da contratación

1. Copia do contrato ou contratos realizados.
2. Copia da alta na Seguridade Social.
3. Número de conta bancaria (IBAN) onde se vai ingresar a subvención.
4. Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
5. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago nalgunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
12/06/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF8E18BD81333F0F4D2
12/06/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
PARDO MARTINEZ, ROGELIO
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

2. Xustificación final: deberán presentar a seguinte documentación xunto co Anexo V e nos quince días da finalizar a contratación:

a) Nóminas aboadas aos traballadores.

b) Documento bancario acreditativo do ingreso do salario a os traballadores.

c) Unha foto do cartel informativo tamaño A4 no local onde se realicen os servizos subvencionados que deberá figurar de xeito visible, e onde constará o financiamento por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Xefatura Territorial de Coruña.

No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade local, Concello de Ames, no prazo de 10 días desde que se produza, para os efectos oportunos.

11.2 Pagamento

Presentada a documentación pola empresa, será o Concello de Ames, quen realice o pago da subvención á empresa ou empresas adxudicatarias, que devolverán o xustificante bancario acreditativo do ingreso da subvención.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/á beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non presentar a xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

12.- Reintegro da subvención e devolución voluntaria

12.1 Reintegro

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

12.2 Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 13.- Réxime sancionador

As persoas beneficiarias quedarán sometida ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Base 14.- Órganos de Control

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Base 15- Control posterior pola intervención municipal.

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Disposición Adicional primeira.- Publicación das subvencións concedidas e incorporación ao rexistro publico de subvencións

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 30 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal (segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais), finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

Disposición Adicional Segunda.- Protección de datos

O concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de tramitar a convocatoria de axudas para incentivos á contratación temporal en empresas das persoas participantes no obradoiro de emprego Renova VII.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese

DATA DE CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
12/06/2025
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretario accidental
Alcalde

NOME: PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑERO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

Disposición final

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Ames do exercicio da convocatoria, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA PARA A INSERCIÓN LABORAL PARA PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL RENOVA VII

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

Nome e apelidos e/ou razón social. Persoa física / Persoa xurídica:					
NIF/CIF		Enderezo			
Cód. Postal		Concello		Provincia	
Teléfono		Fax			
Correo electrónico					

Se é persoa xurídica e na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Representado por (se é o caso):

NIF		Nome	
Primeiro apelido		Segundo apelido	

Datos para efectos de notificación:

Método de notificación preferente	Electrónica ☐	Postal ☐
Correo electrónico		
Dirección postal		
Cód. Postal		Concello
		Provincia

Datos bancarios:

Titular da conta:	
Nº conta bancaria co IBAN (24 díxitos)	

SUBVENCIÓN SOLICITADA: axuda para a contratación de persoa/s alumna/s do obradoiro de emprego

Nº de alumnos que desexa contratar	
------------------------------------	--

(Nota: o número total de contratos para os que se solicita a subvención non será superior a 7)

A persoa ou entidade solicitante DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas solicitadas e/ou concedidas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que solicita esta subvención.	☐ SI	☐ NON
Sí solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que solicita esta subvención que se relacionan de seguido	☐ SI	☐ NON
Axuda solicitada e/ou concedida		
Entidade	Disposición reguladora	
Ano		Importe

2. Que en relación coas axudas de mínimos:

•Non	•Si	Solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de mínimos: Solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de mínimos.
Axuda solicitada e/ou concedida:		
Entidade		Disposición Reguladora

DATA DE CERTIFICADO: HASH DO CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
12/06/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretario accidental
Alcalde

NOME: PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑERO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

Ano	Importe
-----	---------

3. Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
4. Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación desta convocatoria é de _____
5. Que son certos certos datos figuran nesta solicitude, que coñece as estipulacións desta convocatoria e que cumpre os requisitos nela sinalados. 6. Non estar incluída en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Texto refundido da Lei de infracción se sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
7. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE:

DNI/NIE da persoa representante.	SI	NON
NIF da entidade solicitante.	SI	NON
Poder para actuar en nome da entidade.	SI	NON
Certificación bancaria do número de conta.	SI	NON

CONSENTIMIENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento cos deberes tributarios ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA
Estar ao corrente de pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias da Seguridade Social	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias do Concello de Ames	☐ SI ☐ NON

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
12/06/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF8E18BD81333F0F4D2
12/06/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	Xestionar a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea para a inserción laboral para persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Renova VII, realizar as comprobacións necesarias e realizar un seguimento das axudas outorgadas.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)

ENTIDADE SOLICITANTE

Don/dona :	con DNI/NIE:
En nome o representación de :	con CIF:
Razón social:	

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- ☐ Que non está incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria.
- ☐ Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ☐ Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ☐ Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- ☐ Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.
- ☐ Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base terceira da convocatoria.

- ☐ Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- ☐ A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Ames para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Ames.
- ☐ A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Ames, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego Renova VII.

Ames, de de 2025.

Asdo.:

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados, de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Ames..

DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRENSIVA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN/OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RENOVA VII

ENTIDADE SOLICITANTE

Don/dona	con DNI/NIE:
En nome e representación de :	con CIF:
Razón social:	

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda		Ano	Organismo	Importe(€)	Tipo de Axuda	Disposición reguladora
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					

Ou, alternativamente

- ☐ Que non ten concedidas en réxime de mínimis axudas neste ano nin nos dous anteriores para o mesmo fin.

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados,

nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Ames, de de 2025.

Asdo.:

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Ames.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PERSOAL DA
EMPRESA OU ENTIDADE (ANEXO IV)

ENTIDADE SOLICITANTE

Don/dona:

con DNI/NIE:

En nome e representación de:

con CIF:

Razón social:

Con CIF:

DECLARA RESPONSABLE

Declaro que o persoal da empresa/ entidade de todos os centro de traballo de Galicia no mes _____ de foi o seguinte:

CENTRO DE TRABALLO 1- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS:

Enderezo:

Tfno.:

CENTRO DE TRABALLO 2- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS:

Enderezo:

Tfno.:

CENTRO DE TRABALLO 3- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS:

Enderezo:

Tfno.:

OUTROS CENTROS DE TRABALLO- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS:

TOTAL DE TRABALLADORES/AS:

Ames, de de 2025.

Asdo.:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	Xestionar a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea para a inserción laboral para persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Renova VII, realizar as comprobacións

	necesarias e realizar un seguimento das axudas outorgadas.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/ql/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO (ANEXO V) INCENTIVOS A CONTRATACIÓN/OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RENOVA VII

ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social:

CIF:

Apelidos e nome:

DNI/NIE:

Enderezo:

CP:

Localidade:

Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome:

DNI/NIE:

Teléfono:

Correo electrónico:

DECLARA

Que para a súa xustificación e previo ao pagamento da subvención acredita o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención coa presentación dos seguintes documentos:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no su caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo III.
- ☐ Copia dos contratos de traballo obxecto da subvención, que acrediten a contratación no período establecido na notificación de concesión de subvención.
- ☐ Documentación acreditativa da alta da/as nova/as persoa/as traballadora/as no réxime xeral da Seguridade Social e das cotizacións realizadas por parte da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación. (Boletins de cotización á Seguridade Social ou Informe de Vida Laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade)

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Ames para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Ames.

A presentación da presente solicitude, comporta a autorización ao Concello de Ames, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do Obradoiro dual de Emprego Renova VII

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
12/06/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
12/06/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
PARDO MARTINEZ, ROGELIO
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F44DBB

Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	Xestionar a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea para a inserción laboral para persoas participantes no Obradoiro dual de emprego Renova VII, realizar as comprobacións necesarias e realizar un seguimento das axudas outorgadas.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, de de 2025

Asdo.:

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 12.06.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

José Rogelio Pardo Martínez

DATA DE CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
12/06/2025
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: 15220IDOC2F645BC3590A1F-44DBB
Secretario accidental
Alcalde

NOME: PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F645BC3590A1F-44DBB